



BOP

VENRES, 11 DE ABRIL DE 2025

N.º 084

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE LIMPADOR/A A XORNADA PARCIAL, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL FIXO, POR CONCURSO, incluída no proceso de estabilización de emprego temporal (oferta de emprego público de 2022) que quedou vacante trala tramitación do correspondente proceso selectivo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 18/12/2024, acordouse aprobar unha nova convocatoria para o posto de limpador/a, a xornada parcial, incluída no procedemento de estabilización de emprego temporal, no marco Xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, por haber quedado vacante.

No Boletín Oficial da provincia de Lugo número 42, do 20/02/2023, así como no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e na páxina web municipal, publicáronse integramente as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, que rexerán a nova convocatoria do proceso selectivo.

O prazo para presentar as solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da respectiva convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), tal e como establecen as bases da convocatoria.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando así procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nelas.

Baleira, 1 de abril de 2025.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0955

CARBALLEDO

Anuncio

Aprobados inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 27 de marzo de 2025 polo Pleno deste Concello, os expedientes de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, e do Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación de servizos no Centro de día do Concello de Carballedo, expóñense ao público polo prazo de trinta días, durante o cal, os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O expedientes considerárasen definitivamente aprobados si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 1 de abril de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0956

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA 1 AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025.

POSTO DE TRABALLO: AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (1)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0957

Anuncio

CONVOCATORIA 1 PEÓN-MAQUINISTA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025.

POSTO DE TRABALLO: PEÓN-MAQUINISTA

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0958

O INCIO

Anuncio

ESCRITO DE EMPRAZAMENTO PARA A PRÁCTICA DAS PROBAS

En cumprimento do artigo 51 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía n.º 2025-0072, do 04/04/2025, en relación co expediente de investigación dun camiño en Penaxubeira, con referencia catastral 27024A002090130000DR, procédese a apertura dun período de proba dende o 16/04/2025 ao 25/04/2025, coa seguinte orde:

PROBA	DIA	HORA	LUGAR
- Declaración de testemuñas	16/04/2025	11:30	Casa do Concello
- Documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito	16/04/2025	12:30	Casa do Concello
- Recoñecemento e ditame pericial	23/04/2025	09:00	Camiño investigado en Penaxubeira con referencia catastral 27024A002090130000DR

O Incio, 7 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Héctor M. Corujo González.

R. 0959

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 2 de abril de 2025 aprobouse o padrón das Escolas Deportivas municipais correspondente ao mes de abril 2025, por importe total de 2.429 euros, o cal

se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e se presenten contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuintes.

A presente publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 2 de abril de 2025.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 0960

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía con data 3 de abril de 2025, o Padrón de Vados correspondente ó exercicio de 2025, por importe de 5.405,00 €, expónse ó público por prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP a efectos de exame e reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido o devandito prazo non se formularan reclamacións contra o mesmo.

Asi mesmo acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario o mes de maio do 2025. Aos contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sin que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciárase o período de constrinximento, cos recargos e xuros que establece a lexislación tributaria aplicable.

Rábade, 3 de abril de 2025.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 0961

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 04.04.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **MARZO/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de abril de 2025.- A ALCALDESA PRESIDENTA, Dª María Jesús López López.

R. 0962

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2025 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos suplemento de crédito SC 1/2025 Residencia da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e suplemento de crédito SC 1/2025 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos prorrogados para 2025, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1 Impostos directos	4.395.000,00 €
Cap. 2 Impostos indirectos	342.664,61 €
Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.604.500,00 €
Cap. 4 Transferencias correntes	5.628.133,63 €
Cap. 5 Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	615.309,22 €
TOTAL	14.595.007,46 €

Estado de Gastos

Cap. 1 Gastos de persoal	5.265.456,79 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	7.820.429,16 €
Cap. 3 Gastos financeiros	99.580,50 €
Cap. 4 Transferencias correntes	409.132,83 €
Cap. 5 Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.754,85 €
Cap. 6 Investimentos reais	6.766,32 €
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	308.135,12 €
TOTAL	13.923.255,57 €

Residencia

Estado de Ingresos

Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.820.182,73 €
TOTAL	1.820.182,73 €

Estado de Gastos

Cap. 1 Gastos de persoal	1.425.348,62 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	391.248,03 €
Cap. 3 Gastos financeiros	2.000,00 €
Cap. 5 Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.586,08 €
TOTAL	1.820.182,73 €

Sarria, 7 de abril de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0963

*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 27/02/2025, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos (Expte.545/2025) nos seguintes termos

1) Derogar o apartado 41º do artigo sexto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, cuxo tenor literal é o seguinte:

41.- Por tramitación de expedientes de denuncia, iniciada a instancia de parte, sempre e cando se desestime a pretensión do denunciante, por existir os informes técnicos e xurídicos que determinen a legalidade do obxecto denunciado e a desestimación total da pretensión denunciada, por non axustarse a dereito: 100,00 €

2) Modificar os apartados 42º e 43º do artigo sexto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, co seguinte detalle:

42.- Por tramitación de licenzas anuais para aproveitamento temporal de terreos con mesas, cadeiras, antucas, toldos, caldeiros de polbo ou outros elementos que se autoricen con finalidade lucrativa relacionados coa actividade de hostalaría: 100,00 €

43.- Por tramitación de licenzas de tempada para aproveitamento temporal de terreos con mesas, cadeiras, antucas, toldos, caldeiros de polbo ou outros elementos que se autoricen con finalidade lucrativa relacionados coa actividade de hostalaría: 50,00 €

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, os acordos de aprobación provisional estarán a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente os acordos de aprobación provisional.

Sarria, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0964

*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 27/03/2025, acordou aprobar provisionalmente as seguintes ordenanzas:

- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de conciliación da vida familiar e laboral (Expte 506/2025).

- Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de produtos, artigos e publicacións municipais e pola prestación de servizos turísticos do Concello de Sarria. (Expte. 393/2025).

- Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias callexeiras e ambulantes (Expte. 411/2024).

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, os acordos de aprobación provisional estarán a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente os acordos de aprobación provisional.

Sarria, 3 de abril de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0965

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE DECEMBRO DE 2024.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0247 o día 03 abril de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2025 polo importe total de 6.343,12€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 4 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0966

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso, acceso libre,**” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 29 de xullo de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de Axente de emprego e desenvolvemento local**, a xornada completa, grupo/subgrupo A/A2, nivel 21, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, coa seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
DOMÍNGUEZ BERMÚDEZ, MANUELA	***9517**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Vicedo, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0967

XOVE

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía núm. 2025-0815, 2025-0816 e 2025-0817 de data 4 de abril de 2025, aprobáronse os Padróns do prezo público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado e ximnasia de mantemento, pilates e aeróbic) correspondentes a mensualidade de abril de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 9 de abril de 2025 ata 8 de xuño de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0968